

# PERSUASIÓN

Cadernos para a creación,  
o pensamento e a cultura  
nº 5

Entrevista a Lara Rodríguez Peña

FoCuCu (Foro para Cultivos Culturais)

Lalín, abril de 2020

## PERSUASIÓN

Cadernos para a creación e a cultura, nº 5  
Lalín, 2020

Textos: Lara Rodríguez Peña

Edición: Benxamín Otero  
Celso Fernández Sanmartín  
Raquel Vázquez Vaamonde

Fotografía: Lara Rodríguez Peña  
Edita: FoCuCu (Foro para Cultivos Culturais)  
<http://focucu.wordpress.com>

Publicado baixo licenza Creative Commons BY-NC-SA  
Poden realizarse copias desta obra e obras derivadas  
coa condición de que se recoñeza expresamente  
a autoría da obra orixinal,  
que se faga referencia á fonte  
e as obras resultantes sexan publicados  
baixo a mesma licenza



Lalín 17.11.2019

Boas, Lara, estas son as PREGUNTAS PARA UNHA ENTREVISTA POR ESCRITO que che enviamos desde o Foro para CULTIVOS CULTURALS

Se houbera algo que quixeras dicir fóra delas síntese en completa liberdade para facelo, incluso se ti mesma quixeras formular a pregunta, faino

Como poderás comprobar a entrevista vai presentada en terceira persoa inda que entre nós, evidentemente, nos tuteamos

Grazas e agardamos con degoro as túas respostas

### Pódenos achegar que entende por **vocación política**?

Entendo que son dous conceptos incompatibles. Na miña opinión non existe unha “vocación política” porque iso queredo dicir que hai certa predisposición por parte de determinadas persoas para dedicarse á política, e non estou para nada a favor desta idea. Somos seres políticos, en todo momento, a pesar de que existan persoas que se definan como “apolíticas” (esa idea imberbe), pois definirse así xa é unha posición política. Outra cousa é que non esteas de acordo co que manifestan as persoas que teñen cargos políticos ou que sexas escéptica en canto ás medidas que propoñen ou as promesas que manifestan. Tamén hai quen afirma que non lle interesa a política, pero esta non deixa de ser unha posición de auto-defensa reflexiva ou de oligofrenia, pois unha afirmación coma esta para min ten a mesma validez ca dicir “non me interesa respirar”; un, porque para sobrevivir vas ter que seguir facéndoo e, dous, porque non che vai deixar de interesar unha función que che afecta. Así pois, tras este testamento a modo de desafogo só podoo reiterar o que dixen ao principio. En todo caso, de existir a vocación política, debería ser obrigatoria, pois para ter vocación política non hai que militar en ningún partido ou ter un cargo, ter vocación política é estar no mundo, ser crítica, ser reflexiva, querer cambiar e mellorar a nosa realidade, ser capaz de analizar o que ocorre ao teu redor e forzar unha idea do que queres para o teu territorio, para a túa vila, para a túa aldea. Se entendemos todo isto por “vocación política”, entón rectifico: existe e todas deberiamos tela.

### E por **ambición política**?

Case inconscientemente, o que me provoca a combinación destes termos é rexeitamento. Non obstante, se reflexiono un pouco ao respecto coído que o problema reside en que hai moitos conceptos que foron deturpados por culpa, precisamente, da política, porque como sociedade tendemos a estigmati-



zala. De aí que, se ben a “ambición” como tal non está mal porque é esa ansia por conseguir aquilo que desexas, cando lle engades o termo “política” o seu sentido cambia, pois relaciónase co feito de lograr o que queres, pero de maneira cuestionable, algo que sucede porque estamos demasiado acostumadas a asociar “política” con “corrupción”. Ademais, desprestixíamos a política tamén porque, a grandes trazos, creo que non a sentimos como algo propio, porque existe desencanto e desilusión, porque consideramos que non nos representa ningún nin ningún partido ou, directamente, porque cremos que somos “apolíticas” (e perdoade pero cada vez que teña oportunidade de negar a existencia deste cualificativo e do que significa, vouna aproveitar).

Entón, dende aquí reivindico a desestigmatización da política e, por extensión, da “ambición política”, porque esta sempre vai depender de como a concibas e de que tipo de políticas exerzas. Obviamente, a miña está moi lonxe da corrupción, do clientelismo e do caciquismo, os meus “desexos políticos” buscan o ben común, a igualdade, a sostibilidade, o feminismo... Como vedes, e tal e como ocorreu na anterior pregunta, o que nun principio parecía negativo, ao final convértese en todo o contrario.

Desfaga para nós, na súa resposta, a expresión popular que di “os políticos son todos iguais”.

Podería desfacela exercendo un tipo de práctica moi estendida e que se basea no simple feito de negar o que se expresa. É algo que vemos a diario, que ocorre en calquera discusión con colegas, con familiares, en calquera debate político, nos plenos de Lalín. Así, ante esta pregunta podo dicir que non, que as políticas e os políticos non son todas iguais.

Agora en serio, si que considero que non todas as políticas e os políticos son iguais porque eu non me considero (ou con-



sideraba) igual a todas. Claro que con esta afirmación pode caer na máis absurda das demagoxias, e tampouco pretendo isto. Para min esa expresión popular da que falades é moi simplista e, sinceramente, cabréame moito. Primeiramente, porque se están xulgando sen coñecer un número moi considerable de persoas, e non hai algo que máis me moleste ca formar xuízos sen ter nin idea e, despois, porque esa afirmación ten que ver co que xa dixen anteriormente: a estigmatización da política. Considero tremendamente inxusto que se nos trate a todas as persoas que nos dedicamos ou dedicábase á política da mesma maneira porque eu non son igual a un político ou política do Partido Popular, por exemplo, ou de calquera partido político cunha ideoloxía de dereitas. Négome a que se me considere igual a estas persoas.

Cando falamos de que “todas as políticas son iguais” referímonos fundamentalmente a que todas rouban, a que todas son corruptas, a que todas menten, a que todas enganar, a que ningunha ten principios e a que son capaces de facer calquera cousa por propio beneficio. Si, hai moitas políticas e políticos que son así, pero non podemos xeneralizar. E aquí lanzo outra reivindicación: rematemos dunha vez por todas con esta expresión tan superflua e, antes de xulgar, elaboremos argumentos para desmontar a esa persoa que exerce a política e na que non confiamos.

No meu caso, en numerosas ocasións tiven que escoitar insinuacións de que eu “era coma todos/as”, ergo, que se estaba metida en política era por propio beneficio ou a típica expresión de que “se está aí é por algo”. Para min isto é un problema tremendo porque quere dicir que a persoa que manifestou semellante apreciación, unha, concibe a política só en termos económicos e, dúas, nunca sería capaz de involucrarse nun proxecto político de maneira altruísta, porque o altruísmo semella que non existe en política. A toda esa xente dígolles: marchen por onde viñeron.



Pedímoslle agora un **poema político**.

O primeiro que me vén á cabeza, así, sen pensar, é “Todesfuge”, de Paul Celan. E, xa que estou, vou obviar o número de poemas que me pedides e vou nomear tamén a Ingeborg Bachmann e o seu poema “Botschaft”, que di algo así como que a Historia nos preparou unha tumba da que non hai resurrección posible.

Cales foron as súas maiores **ilusións políticas** nun pasado in da fresco?

Para min o feito de formar parte da PAC xa foi e é a maior das ilusións políticas. Síntome orgullosa de ter contribuído, xunto con outras persoas, na creación dun proxecto que quero, que me gusta e que me representa. Unha agrupación de esquerdas, horizontal, intelixente, leal e con principios.


Cales foron as súas maiores **decepcións políticas**?

A maior decepción política foi, sen dúbida, a do 26 de maio, e creo que é difícil de superar.

Díganos en que **asunto político lle gustaría insistir** despois destes primeiros anos seus como cargo público no Concello de Lalín

A min, ante todo, gustaríame cambiar a forma que ten a xente de concibir a política. Tamén me encantaría rematar dunha vez por todas co caciquismo, coas políticas clientelares e coa corrupción. Sei que son repetitiva, perdón, pero é que estes tres conceptos son unha verdadeira lacra. Gustaría que remataran as expresións “todas as políticas e políticos son iguais”, gustaríame que a xente non asociase involucrarse en política con beneficiarse, gustaríame que existise a ambición política a favor do ben común.

Por outro lado, cinguíndome máis en medidas concretas a materializar dende o Goberno municipal, dende a PAC si que



nos gustaría enormemente levar a cabo procesos de remunicipalización, todos os que foran posibles, porque defendemos por riba de todo a xestión pública, incidir máis na transparencia e en facer accesible a información do Concello de Lalín a toda a cidadanía (un paso para que a xente non continúe concibindo a política como algo alleo) e na sustentabilidade.

### **Cales serían, a nivel municipal, os retos dunha política de esquerdas?**

Creo que esta pregunta ten bastante relación coa anterior, porque eu non concibo outra política que non sexa a de esquerdas, polo que as medidas nas que nos gustaría insistir como grupo (e falo da PAC) van ser, irremediabilmente, de esquerdas. Así pois, ademais dos procesos de remunicipalización, a transparencia e a sustentabilidade, engadiría o feminismo como peza clave para exercer unha política de esquerdas. Nós mesmas así o manifestabamos no noso documento político: o alicerce no que se asenta a nosa condición ideolóxica é a busca do benestar da poboación tendo en conta tres eixos básicos, e estes son o feminismo, a participación cidadá e a sustentabilidade.

### **Que sería o que queda de democrático, segundo vostede, despois da formalidade do voto?**

Nesta pregunta voume facer un pouco a estupenda adoptando a idea de Derrida da “democracia por vir”. Sei que non é moi conciso no seu desenvolvemento e que o máis probable é que eu estea moi equivocada na interpretación que fago ao respecto pero... Dáme un pouco igual. El fala de que a democracia existe soamente na diferenza que se vai construíndo en relación ao seu ideal e que nunca chegaremos a ela porque non existe unha democracia pura; é coma se a democracia só fose algo pensable pero nunca realizable. Pensemos: que quedou de democrático na vitoria do nazismo?





### Díganos unha **comida** que lle guste moito

O primeiro que se me vén á cabeza é a tortilla, así que supoño que será a comida que máis me gusta. En todo caso, teño que recoñecer que me encanta comer, aínda que non sexa algo que faga con demasiada frecuencia ao longo do día.

### Recoméndenos algunha **música** e algúns **libros**

Non me atrevo a recomendar música por dous motivos: por se esta entrevista a le meu irmán e porque, creo, non teño un gusto musical definido; sei máis o que non me gusta ca o que me agrada no ámbito da música. En todo caso, por facer referencia á miña fotografía, destacaría o grupo “Metronomy”, pero non por riba doutro. Son máis de cancións ca de grupos, iso si. E isto é fundamentalmente por culpa de meu irmán, a persoa que coñezo que máis lle gusta a música e que máis grupos, estilos e temas coñece; grazas a el accedín a moitas cancións e, por extensión, a moitos grupos que me parecen brillantes, e por iso non son capaz de recomendar música, porque non sei definir o estilo de música que máis escoito, e se digo, por exemplo, “electrónica”, quedaría en ridículo tendo en conta o que esta abarca. En todo caso, dende aquí teño que dicir que meu irmán, aínda que el o descoñeza, foi quen me permitiu saber que hai música máis alá de Joy Division ou Patti Smith.

Libros? Difícil pregunta... Recomendaría *As ladillas do travesí*, de Antón Reixa, polo que significou e significa para min, ao igual que *Orlando*, de Virginia Woolf; *Memorial e danza*, de Fran Cortegoso; *Umbral*, de Ruth Llana; *Los heraldos negros*, de César Vallejo, *Historia del ojo*, de Bataille, e moitos máis, non sei... Por nomear algún libro que lera ultimamente, *Permafrost*, de Eva Baltasar, pareceume un bo libro, e tamén *Apegos feroces*, de Vivian Gornick ou *Cometierra*, de Dolores Reyes.

### Recoméndenos algunha **película** e algún **documental**.

Hai directores que para min son imprescindibles. E prodúceme




certa desazón empregar soamente un substantivo masculino, pero é que me dou conta de que as miñas películas favoritas foron dirixidas por varóns... Michael Haneke, Pier Paolo Pasolini, David Lynch, Win Wenders, Ingmar Bergman, Lars von Trier, Kim Ki-duk, Tarantino, Chabrol, Godard, Truffaut, Resnais... Aproveito, entón, para reivindicar a Marguerite Duras e o seu traballo como guionista (pensemos en “Hiroshima mon amour”, unha adaptación da súa novela homónima).


Así pois, vou nomear os filmes que considero necesarios (olho: necesarios para min; realmente non quero recomendarlos porque o gusto paréceme algo demasiado persoal). De Haneke destacaría por riba de todas “Le temps du loup”, por facer un retrato sórdido e exasperante do que podería ser unha apocalipse; de Pasolini diría que todas as que vin me pareceron unha brutalidade, pero sen dúbida quero resaltar a adaptación da novela do Marqués de Sade: “Salò o le 120 giornate di Sodoma”; de Lynch, como non, “Mulholland Drive”, unha película controvertida, coma o seu director, que se caracteriza por presentar traballos moitas veces incomprensibles... Si, é certo, pero a min iso é algo que me gusta; non comprender encántame porque me pon a proba e porque, no fondo, algo sempre comprendemos.

E xa paro, non vou estenderme máis nomeando filmes director por director (lector ou lectora... de nada). Só quixera destacar, sen máis, películas como “Der Himmel über Berlin”, “Persona”, a “Triloxía da depresión” de Lars von Trier, é dicir, “Antichrist”, “Melancholia” e “Nymphomaniac”... E, por cingirme máis á actualidade, quero mencionar “O que arde”, brillante; e “Parasite”, unha película que me sorprendeu bastante porque había tempo que non me sentía tan satisfeita despois de ver un filme.

Por outro lado, non adoito ver documentais, aínda que nestes últimos días vin un que me recomendou un colega sobre a industria alimentaria en Estados Unidos, “Food, Inc.”, que si



que considero fundamental ver, non só por coñecer a realidade que transmite senón porque fai que te formes moitas cousas. E logo destacaría “Pina”, un traballo sobre a coreógrafa Pina Bausch; moi suxestivo e exquisito.



GRAZAS, Lara polo seu tempo, as súas reflexións e as súas palabras para esta publicación que lle chamamos "Persuasión"  
Moitísimas grazas a vós por permitirme este espazo de expresión. Foi un pracer e é un luxo que Lalín conte con xente coma vós. De novo, grazas.

Celso, Benxamín e Raquel




Lara Rodríguez Peña:

Son de Lalín e nacín hai exactamente 30 anos, tres meses, nove días, dez horas e doce minutos. Acórdome da hora exacta do meu nacemento porque se compón dos números que á súa vez forman o ano no que fun expulsada dese corpo. O persoal sanitario que asistiu o meu parto quixo deliberadamente quedar con ese instante para que puidera coñecer a miña carta astral. Esta manifestaba, así, en resumo, que son unha persoa imaxinativa, xenerosa, racional, cunhas ganas enormes de atopar razóns para a supervivencia, alguén cunha paciencia insoportable que compensa con pequenas doses de ira momentánea, unha muller pasaxeira, un luxo, un balandro vermello brillante no porto, o meu pelo axitándose como fume pola ventá do coche. En canto ás miñas verdadeiras motivacións, a miña carta astral dicía que estas son as drogas, o alcol en exceso, o reguetón e a poesía, e que a combinación das catro podería provocar en min dúas cousas: unha morte temperá ou unha subsistencia dolorosa, así que optei por obviaslas todas. Estudei, rematei de estudar, regresei á miña vila natal. Un dos grandes trazos da miña biografía é que sempre vai estar incompleta debido á miña tendencia inescusable ao esquecemento, de aí que só poida aportar datos xerais, coma os que se compoñen dos tres verbos en pretérito perfecto que podemos ler unhas poucas liñas atrás. Estou constituída tan só de episodios concretos, coma o momento no que comecei o colexio, cando o único que podía facer cada día que entraba na aula era vomitar; ao principio a mestra recibíame cun saco de serraduras que botaba no chan unha vez rematada a devolución, pero despois cambiou o modo de recepción e agardábame sempre cun cubo enorme ao lado da súa mesa; eu sentaba no seu colo e de vez en cando abocábame ao desprendemento. Recordo o noxo que me producía descubrir que o que tiña de merenda era pan de

molde recheo de friame, así, sen queutar. Era horrible, detestable; comíao pechando moitísimo os ollos para pensar con forza que estaba comendo outra cousa. Acórdome de chorar na parte de atrás dunha fonte, de que con 16 anos case afogo cunha espiña de sargo e de que con 23 conseguín bater o meu récord nunha media maratón.

E pouco máis teño que contar, só que deberíamos estar atentas á primeira característica que me define segundo a miña carta astral.



Grazas, seguimos

Este caderno dixital  
foi construído en Compostela  
en marzo de 2020  
Para a súa composición utilizáronse  
programas e tipografías de código aberto

Deseño e composición: Eduardo Estévez